



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE A GÁNDARA

Avda. M^a Paz de Tor, s/n

Teléfono: 982870563- Fax: 982870569

Correo Electrónico: ceip.agandara@edu.xunta.es

Enderezo Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipagandara>
27400- Monforte de Lemos (Lugo)

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DAS FAMILIAS AO CONSELLO ESCOLAR

Convocatoria

*De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 29/09/2021), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, **SECTOR DE FAMILIAS**, segundo as normas seguintes:*

*1. Conforme o establecido no artigo 8º do **Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias** (DOG do 26 de xaneiro de 1999) corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous representantes do sector das familias** dun total de catro que debe ter o Consello Escolar.*

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que desde o día 9 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, antes do 16 de novembro.

*3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, as persoas que exerzan a titoría de legal do alumnado matriculado no centro, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **16:05 horas do día 16 de novembro**.*

*4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 22 de novembro, ás 16:05. horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titoras legais, actuando de Secretario/a o de menor idade.*

*5.- A **campaña electoral** comprenderá **entre o 19 e o 22** de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ó presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.*

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os/ as pais/ nais ou titoras legais do alumnado matriculado no Centro, persoas propostas pola ANPA do mesmo ou avaladas para tal fin pola sinatura de 10 electores.

*7.- As **votacións** realizaranse neste Centro o **día 24 de novembro, de 10:05 e as 16:05 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, **ás 10:00 h**.*

*8.- Na papeleta de votación cada elector marcará un máximo de **dous nomes**, dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE A GÁNDARA

Avda. M^a Paz de Tor, s/n

Teléfono: 982870563- Fax: 982870569

Correo Electrónico: ceip.agandara@edu.xunta.es

Enderezo Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipagandara>
27400- Monforte de Lemos (Lugo)

9.- *Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, as persoas que exercen a titoría legal do alumnado do centro.*

10.- *Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.*

11.- *A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.*

Monforte de Lemos, 9 a de novembro de 2021

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral:

Asdo.: María Prieto Pérez